

# Campeonatos Provinciais Individuais 2020 - BASES

Categorías de Sub-8 a Sub-18, (Clasificatorios para os Campeonatos Autonómicos 2020)

Poderán participar os xogadores federados na tempada 2020 en clubs da provincia de Ourense e que teñan nacionalidade española, bandeira FIDE española e ser seleccionables por Galicia.

## Lugares de xogo e sedes:

Centro Cívico de "A Cuña" do Concello de Ourense  
Club Deportivo Xadrez Ourense

(R/ Dr. Peña Rey nº 18 – Baixo) – Locais do Concello de Ourense.  
(R/ Ramón Cabanillas nº 10, entreplanta, Local nº 3, Ourense)

## Categorías, datas e sedes:

Categoría	Sede	Datas e horarios	Ritmo de Xogo
Sub- 8 (Desde 2012)	Centro Cívico "A Cuña" – Concello de Ourense	Sábado 18 de Xaneiro a partir das 10.15 horas	30 minutos por xogador
Sub-10 (Desde 2010)	Centro Cívico "A Cuña" – Concello de Ourense	Domingo 19 de Xaneiro a partir das 16.15 horas	30 minutos por xogador
Sub-12 (Desde 2008)	Centro Cívico "A Cuña" – Concello de Ourense	Sábado 18 de Xaneiro a partir das 16.45 horas	30 minutos por xogador
Sub-14 (Desde 2006)	Centro Cívico "A Cuña" – Concello de Ourense	Sábado 18 de Xaneiro a partir das 16.15 horas	45 minutos por xogador
Sub-16 (Desde 2004)	Club Xadrez Ourense	Sábado 18 de Xaneiro a partir das 15.30 horas	45 minutos por xogador
Sub-18 (Desde 2002)	Club Xadrez Ourense	Domingo 19 de Xaneiro a partir das 11.00 horas	1 hora por xogador

## Sistemas de Desempate, (serán aplicados serán por este orden):

Bucholz brasileiro (-1, peor resultado) / Número de victorias / Progresivo total.

## Inscripcións e prazos:

Antes do Xoves día 16 de Xaneiro ás 22.00 horas, por email a: [traxerxadrez@hotmail.com](mailto:traxerxadrez@hotmail.com)

## Premios:

Os tres primeiros xadrecistas clasificados de cada categoría obterán trofeos dispostos polo club organizador.

**NOTA de Club Deportivo Xadrez Ourense:** Considerando o Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e tendo en conta especialmente a parte do mencionado Decreto onde se menciona textualmente: "...os premios trofeos ou recoñecementos deben responder aos principios de neutralidade e igualdade sen facer distincións entre as categorías feminina e masculina...", O Club Deportivo Xadrez Ourense, por acordo da maioría da súa Xunta Directiva e do mesmo xeito que se fixo nos campeonatos Provinciais da tempada anterior (2019), manifesta que **NON SE ENTREGARÁN premios destinados a facer mención especial ou distinción entre os participantes masculinos e as participantes femininas.**

## Organización, arbitrxes e dirección - Colaboran

Federación Galega de Xadrez e Club Deportivo Xadrez Ourense - Centros Cívicos Concello de Ourense e AXOU

### Aceptación:

os delegados de cada club e os xogadores inscritos, autorizan á organización do torneo á difusión de información ou á utilización de imaxes ou do nome do equipo e os dos seus xogadores nos medios de comunicación ou en publicidades e memorias da competición, sempre que non representen menoscabo da súa honra ou reputación, ou que sexa contraria aos seus intereses, e sempre dentro do marco legal que se fixa no Código Civil, na Lei de Enxuzamento Civil e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

### Cesión de dereitos de imaxe:

A inscrición a este torneo implica a aceptación das bases do mesmo así como autoriza de forma expresa e voluntaria á ORGANIZACIÓN, a empregar gratuitamente os vídeos, imaxes e/ou audios nos que este interveña -incluso aqueles facilitados polo mesmo coa finalidade de: Publicar na páxina web así como en calquera das redes sociais das que forme parte ou outra publicación impresa e/ou dixital co fin de dar unha maior visibilidade e/ou difusión á actividade da Organización.

Dita autorización refírese á totalidade dos usos que poidan ter os vídeos, imaxes e/ou audios nos que apareza, empregando os medios técnicos coñecidos na actualidade e os que poideran desenvolverse no futuro, e para calquer aplicación. Todo elo coa única salvedade e limitación de aquelas utilizacións ou aplicacións que puidieran atentar ao dereito ao honor nos términos previstos na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil ao dereito ao honor, a intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

A autorización non fixa ningún límite de tempo para a súa concesión nin para a explotación nas que apareza, polo que a autorización considérase concedida por un prazo de tempo ilimitado.

Esta autorización pode ser revocada en calquier momento polo Interesado, coa salvedade de aquelas actuacións/campañas que estean en marcha, en cuxo caso deberán finalizar para que empece a facer efecto a revocación, polo que a retirada do consentimento, non terá carácter retroactivo.



FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO